



Bor Zuljan

Bor Zuljan móvese a través de diferentes xéneros musicais, tocando diferentes tipos de instrumentos de corda pulsada antigos, modernos e tradicionais. Chamado o "Revolucionario do laúde" (Le Soir), redescubriu técnicas de improvisación e interpretación, instrumentos e sons esquecidos, sempre ampliando a paleta das súas posibilidades.

Actúa regularmente tanto como solista como con diferentes grupos, como Douce Mémoire, Tasto Solo, Graindelavoix, L'Achéron, Vox Luminis, Il Giardino Armonico, cos xemelgos Teofilovići, en dúo con Dušan Bogdanović, con Romain Bockler (Dulces Exuviae), así como co seu conxunto La Lyra.

Desde 2011, é o director artístico do festival de música antiga Flores Musicae en Eslovenia.

A súa edición crítica do Segundo libro de laúde de Gorzanis foi publicada pola Sociedade Musicolóxica de Eslovenia, dando lugar tamén ao premiado CD *La barca del mio amore*, con música do mesmo compositor, coa participación de La Lyra e o cantante italiano Pino De Vittorio. (Arcana - Outhere Music). En 2019 inicia unha serie de discos para o selo Ricercar: *Josquin - Adieu mes amours*, primeiro CD do dúo Dulces Exuviae, moi ben recibido pola crítica especializada; ao ano seguinte o seu primeiro álbum en solitario *Dowland - A Fancy* gaña o prestixioso Diapason d'Or de l'année 2020, Classica's CHOC, Gramophone's Editor's Choice e outros galardóns, seguido en 2022 por *Gesualdo - Il liuto del Principe* (Diapason d'Or, CHOC de Classica,...). No mesmo selo acaba de saír *Toutes les nuits*, o novo disco do dúo Dulces Exuviae, sendo elixido Disco do Mes na revista Gramophone, recibindo o Diapason d'Or e outros premios.

Despois de graduarse en programas de jazz e música clásica no Conservatorio de Música de Ljubljana, continuou os seus estudos con Aniello Desiderio en Koblenz, Alemaña. En 2007 comezou a estudar na Haute Ecole de Musique de Genève, onde obtivo unha licenciatura e un máster en interpretación de guitarra e laúde (Dusan Bogdanovic, Jonathan Rubin), continuou coa especialización en música medieval e rematou un máster en pedagogía do laúde. Dende 2011 traballa como axudante de investigación na mesma escola, nun proxecto sobre a improvisación da Fantasía ao laúde no século XVI, tema que está a desenvolver para a súa tese de doutoramento na Universidade de Tours.

É convidado regularmente a impartir conferencias e clases maxistras en institucións como a Schola Cantorum Basiliensis, a Fondazione Giorgio Cini de Venecia, o HEM de Xenebra e o CNSMD de Lyon.